



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

## Programación da disciplina

**Nome do centro:** EASD Mestre Mateo

**Titulación:** EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUTO

**Materia:** CULTURA DO DESEÑO

**Disciplina:** CULTURA DO DESEÑO

**Curso:** 3º

**Carácter:** FORMACIÓN BÁSICA

**Tipo:** TEÓRICA-ANUAL

**Docente:** María Pose Méndez

**Ano académico:** 2021-22





## Índice

<b>1</b>	<b>Identificación e contextualización.....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>Organización dos contidos.....</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>Avaliación.....</b>	<b>7</b>
3.1	Criterios de avaliación.....	7
3.2	Procedemento.....	9
3.2.1	Convocatoria ordinaria.....	9
3.2.2	Convocatoria extraordinaria.....	11
3.2.3	Anulación da convocatoria.....	11
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	11
3.3.1	Probas teóricas e prácticas.....	12
3.3.2	Traballo e seguimento diario e actitude e participación.....	13
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	14
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	14
3.5.1	Procedemento para a realización da avaliación inicial.....	15
3.5.2	Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.....	15
<b>4</b>	<b>Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....</b>	<b>15</b>
4.1	Metodoloxía.....	15
4.1.1	Actividades introdutorias.....	16
4.1.2	Exposición maxistral.....	16
4.1.3	Prácticas presenciais.....	16
4.1.4	Prácticas non presenciais.....	16
4.1.5	Exposición e debate.....	16
4.1.6	Titorías docentes.....	16
4.2	Actividades.....	16
4.2.1	Actividades de avaliación.....	16
4.2.2	Actividades complementarias.....	16
4.2.3	Actividades interdisciplinares.....	17
4.3	Recursos.....	17
4.3.1	Subministrados polo centro.....	17
4.3.2	Material que debe traer o/a alumno/a diariamente.....	17
4.3.3	Material que debe ter o/a alumno/a na súa casa para traballar.....	17
4.3.4	Fontes de consulta.....	17





# 1 Identificación e contextualización

Idiomas	Galego, castelán
Departamento	EE.AA.SS. Deseño de Produto
Profesor/a	María Pose Méndez
Correo electrónico	mariapose@edu.xunta.gal
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 6 Horas totais: 150 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 66 Horas de traballo non presencial: 84 Horas titorias: 1 hora semanal
Horario	Horario de clase semanal: Ma 12:20/14:20 Horario de titorias: Ma 9:00/10:00
Descritores	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ O significado do deseño na cultura e na sociedade contemporánea</li><li>▪ Teoría da información e da comunicación, da semioloxía e da estética.</li><li>▪ A teoría da forma, da función e da estrutura</li><li>▪ Fundamentos da antropoloxía aplicados ao deseño.</li><li>▪ Fundamentos da socioloxía e cultura do consumo.</li><li>▪ Métodos de investigación e experimentación propios da materia.</li></ul>



## 2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	<b>INTRODUCCIÓN AOS CONTIDOS, NORMAS, PLAZOS E RECURSOS DA DISCIPLINA.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Establécense os prazos de entrega dos traballos e criterios de avaliación.</li> <li>Avaliación inicial de nivel</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 1-2</li> </ul>
2	<b>TEORÍA DO DESEÑO. SEMIÓTICA. SISTEMAS DE SIGNOS.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Sistemas de comunicación e significación.</li> <li>Creación de sistemas.</li> <li>Comunicación visual.</li> <li>Sistemas de significación.</li> <li>Hermenéutica do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 3-7</li> </ul>
3	<b>TEORÍA DO DESEÑO. ESTÉTICA DO DESEÑO</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Fundamentos da estética</li> <li>Deseño da arte</li> <li>Utilidade e beleza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 8-11</li> </ul>
4	<b>TEORÍA DO PRODUTO. TEORÍA SOBRE OS DESEÑO E AS COUSAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Sistemas de obxectos</li> <li>Os obxectos como signos: ¿que significan as cousas?</li> <li>Estruturas: sistemas de obxectos. Meta obxectos. Evolución e deseño</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 12-15</li> </ul>
5	<b>TEORÍA DO USUARIO ETOLOXÍA HUMANA. CONDUTA COMPARADA.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Concepto de sistema.</li> <li>Etoloxía cultural.</li> <li>Antropoloxía cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>6 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 16-20</li> </ul>
6	<b>TEORÍA DO USUARIO. Socioloxía da cultura e procesos de socialización</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Sistemas e consumo actual</li> <li>Cambio cultural e globalización</li> <li>Identidade e diversidade cultural</li> <li>Aprendizaxe e estrutura social</li> <li>Socioloxía do coñecemento</li> <li>Medios de comunicación</li> <li>Estratificación social. Sistemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 21-24</li> </ul>
7	<b>TEORÍA DO USUARIO + PRODUTO PSICOLOXÍA DOS OBXECTOS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Comportamento consciente e subconsciente</li> <li>Consumo e hedonismo. Relacións con obxectos e patoloxías</li> <li>Execución e retroalimentación.</li> <li>Deseño centrado no usuario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>8 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 25-28</li> </ul>
8	<b>TEORÍA DO MERCADO A PRODUCCIÓN DO DESEÑO E TRABALLO DO DESEÑADOR</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Lugares de traballo</li> <li>Estudios e consultorías</li> <li>Profesionalización e relación laborais</li> <li>Deseñador e cliente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clase expositiva</li> <li>Análise e reflexión</li> <li>Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>4 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Semáns 29-30</li> </ul>





9	<p><b>TEORÍA DO MERCADO</b> <b>A produción das cousas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ División laboral. Clases e conflitos. Mobilidade social</li> <li>▪ Mercados e bens simbolóxicos. Consumo de bens e servizos, Clientes e usuarios</li> <li>▪ A obsolescencia programada.</li> <li>▪ Mercado do deseño.</li> <li>▪ Clásicos, edicións e kitsch.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clase expositiva</li> <li>▪ Análise e reflexión</li> <li>▪ Lectura, comprensión e interpretación de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Semáns 31-33</li> </ul>
10	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Métodos de investigación e experimentación propios da materia.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo de investigación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4 sesións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Semáns 34-36</li> </ul>
-	PROBA FINAL ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola.</li> </ul>		
-	EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola.</li> </ul>		



## Organización lectiva curso 2021 - 2022

### SETEMBRO

	L	M	M	X	V	S	D
						4	5
						11	12
S1	13	14	15	16	17	18	19
S2	20	21	22	23	24	25	26
S3	27	28	29	30			

15/09/2021: Inicio das clases

### OUTUBRO

	L	M	M	X	V	S	D
					1	2	3
S4	4	5	6	7	8	9	10
S5	11	12	13	14	15	16	17
S6	18	19	20	21	22	23	24
S7	25	26	27	28	29	30	31

06/10/2021: Último día para solicitar cambio de grupo.

### NOVEMBRO

	L	M	M	X	V	S	D
S8	1	2	3	4	5	6	7
S9	8	9	10	11	12	13	14
S10	15	16	17	18	19	20	21
S11	22	23	24	25	26	27	28
S12	29	30					

### DECEMBRO

	L	M	M	X	V	S	D
S12			1	2	3	4	5
S13	6	7	8	9	10	11	12
S14	13	14	15	16	17	18	19
S15	20	21	22	23	24	25	26
	27	28	29	30	31		

### XANEIRO

	L	M	M	X	V	S	D
						1	2
	3	4	5	6	7	8	9
S16	10	11	12	13	14	15	16
S17	17	18	19	20	21	22	23
S18	24	25	26	27	28	29	30
S19	31						

### FEBREIRO

	L	M	M	X	V	S	D
S19		1	2	3	4	5	6
S20	7	8	9	10	11	12	13
S21	14	15	16	17	18	19	20
S22	21	22	23	24	25	26	27
	28						

### MARZO

	L	M	M	X	V	S	D
S23		1	2	3	4	5	6
S24	7	8	9	10	11	12	13
S25	14	15	16	17	18	19	20
S26	21	22	23	24	25	26	27
S27	28	29	30	31			

### ABRIL

	L	M	M	X	V	S	D
					1	2	3
S28	4	5	6	7	8	9	10
	11	12	13	14	15	16	17
S29	18	19	20	21	22	23	24
S30	25	26	27	28	29	30	

### MAIO

	L	M	M	X	V	S	D
							1
S31	2	3	4	5	6	7	8
S32	9	10	11	12	13	14	15
S33	16	17	18	19	20	21	22
S34	23	24	25	26	27	28	29
S35	30	31					

23/05/2021: Limite presentación anulación C. Ordinaria.  
25/05/2021: Fin do período lectivo.  
27/05- 02/06/2021: Proba Final C. ordinaria.

### XUÑO

	L	M	M	X	V	S	D
S35			1	2	3	4	5
S36	6	7	8	9	10	11	12
S37	13	14	15	16	17	18	19
S38	20	21	22	23	24	25	26
	27	28	29	30			

06/06/2021: Avaliación ordinaria 27/06 avaliación extraordinaria.  
7-8/06/2021: Revisión cualificacións C.ord. Prazo reclamación contra cualificacións.  
10/06/2021: Limite solicitude anulación C. Extraordinaria.

A data oficial exacta será publicada na web do centro, xunto coa do resto de disciplinas.





## 3 Avaliación

### 3.1 Criterios de avaliación

**Os presentes criterios de avaliación ríxense por:**

- Guía didáctica da disciplina, dispoñible para a súa descarga na web da escola:  
<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/nivel-grao/deseño-de-moda/programa>
- DECRETO 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia:  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002_gl.html)
- ORDE do 21 de novembro de 2016 (DOG do 1 de decembro) pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia:  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201\\_ordenacion\\_superiores\\_deseño.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201_ordenacion_superiores_deseño.pdf)

**Criterios de avaliación** -recollidos no DECRETO 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro)-

1	CRITERIOS COMÚNS ÁS TITULACIÓNS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Afacerse ás condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.</li> <li>▪ Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.</li> <li>▪ Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.</li> <li>▪ Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.</li> <li>▪ Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.</li> <li>▪ Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.</li> <li>▪ Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.</li> <li>▪ Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.</li> <li>▪ Esforzarse no traballo autónomo.</li> <li>▪ Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.</li> <li>▪ Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.</li> <li>▪ Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.</li> <li>▪ Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> <li>▪ Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</li> <li>▪ Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</li> <li>▪ Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.</li> <li>▪ Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.</li> <li>▪ Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</li> </ul>





2	CRITERIOS XERAIS DO TÍTULO SUPERIOR DE DESEÑO
	<ul style="list-style-type: none"><li>Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estética, funcional e técnica.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer e respectar a lexislación relativa á profesión de deseñador/a.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer e respectar a lexislación relativa á produción, distribución, venda, uso e goce dos obxectos producidos.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoos co contexto social, económico e cultural en que se produce.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer os valores significativos do deseño e aplicalos na actividade proxectual propia.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensa dos intereses dos/as consumidores/as, usuarios/as e clientes/as.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Expoñer verbal e documentadamente os seus proxectos, en calquera das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas de comunicación adecuadas.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Expressar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Identificar e describir os principios teóricos do deseño.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Identificar os principios filosóficos, culturais e políticos dos principais movementos artísticos e intelectuais e describilos de forma clara e completa.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer, describir e analizar as características dun conxunto suficientemente amplo de obras máis representativas do deseño en xeral.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia da propia actividade como deseñador/a.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Manexar recursos expresivos e comunicativos propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Recoñecer os materiais empregados na materialización dos deseños, o proceso da súa produción, transformación e posta a punto como parte integrante do deseño.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.</li></ul>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.</li></ul>







## 3.2 Procedemento

- O procedemento de avaliación das disciplinas teóricas da titulación estará sustentado fundamentalmente sobre un método de observación do traballo continuo do alumno/a e probas maiormente teóricas máis tamén teórico-prácticas.
- O alumnado dispón de **dúas convocatorias** para superar a disciplina: a convocatoria **ordinaria**, e a convocatoria **extraordinaria**.
- A **nota final** das convocatorias sairá de facer a **media** que corresponda **segundo os apartados das táboas incluídas na presente programación**.

### 3.2.1 Convocatoria ordinaria

Procedemento		Obrigatoriedade asistencia / realización	% de asistencia e realización	Instrumento de control de asistencia ou realización	Mecanismo para compensar a non asistencia ou realización	A asistencia ou realización otorga unha cualificación numérica para a cualificación final	Cualificación numérica	
Actividades	Clases teóricas e prácticas	SI	80-100%	Rexistro de asistencia	-	SI <sup>1</sup>	-	
	Probas <sup>2</sup>	Teóricas	SI	100%	Entrega	Proba final	SI	0-10
		Prácticas						
	Titorías	NON	-	Rexistro de asistencia	NON	NON	-	
Proba final <sup>3</sup> (ou de segunda oportunidade)	NON	-	Entrega traballos	NON	SI	0-10		

#### Aspectos xerais

A Avaliación das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo, polo que o proceso de **avaliación ordinaria** implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas ao longo do curso.

- O procedemento da Avaliación Ordinaria das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo. Polo tanto consistirá nun **periodo de avaliación continua** do alumnado e nunha **proba final**.
- A **nota do periodo da Avaliación Continua Ordinaria** sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación.
- As **probas e entregas parciais** son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. De superar a materia por parciais o alumnado quedará liberado da realización da Proba Final.

1 Se recolle nos apartados de actitude e participación e de traballo diario nas porcentaxes de cualificación

2 Son probas liberatorias de materia. De superar a materia por parciais quedará liberado da Proba Final.

3 O alumnado poderá presentarse coa parte da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5).





- O alumnado que non acade no proceso de avaliación continua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de recuperala mediante a realización dunha **proba ou entrega final de segunda oportunidade** no mes de maio-xuño.

### Condições xerais de realización dos traballos/proxectos

- Debido ao carácter presencial das ensinanzas, os **traballos** a entregar na convocatoria ordinaria, sexa no periodo da Avaliación Continua ou na Proba Final, terán que ser **supervisados** (a través das clases, presenciais ou telemáticas, segundo o caso) durante a súa realización polo/a docente da disciplina, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.
- Os traballos terán que **realizarse e ser entregados e presentados na data** indicada, salvo causa xustificada documentalmente.
- Os traballos entregados fóra de data, agás causa xustificada e acreditada documentalmente, serán avaliados cunha puntuación menor. Cada día hábil adicional ao da entrega (non se contabilizarán festivos e fins de semáns) baixará 0,5 puntos. Aos 6 días de demora a puntuación máxima será de 7 puntos. Os traballos poderán entregarse cunha demora máxima de 10 días, sempre tendo en conta que a decisión final de recollelo é da persoa docente. De non entregalo en tempo, e sempre que o traballo fora supervisado durante a súa realización nas clases habilitadas a tal fin, o/a alumno/a deberá concorrer á PROBA FINAL da avaliación ordinaria.
- Para que as **probos/traballos** poidan ser **avaliados** é imprescindible que:
  - Estean debidamente **identificados** na portada, incluíndo como mínimo o nome do proxecto e a materia, nome e apelidos do/a alumno/a, curso e disciplina, nome do/a profesor(a) e logotipo da escola.
  - Inclúan **fontes de consulta** (textuais, electrónicas e audiovisuais, incluídas as imaxes utilizadas) citadas correctamente, segundo normas APA. Así, no caso das citas textuais, estas deberán ir entrecorridas ou en parágrafo aparte con sangría de 5 espazos, indicando claramente a autoría e ano de publicación no texto, ademais da cita completa ao final do documento.
  - Cumplir o *briefing* facilitado polo/a docente.
  - Sexan totalmente **orixinais**, realizados íntegramente polos/as alumnos/as.
  - Sexan **supervisados** polo/a docente durante a súa realización.

### Proba final ordinaria

No mes de maio-xuño, nas datas indicadas publicadas na web do centro, terá lugar unha **proba final ou de segunda oportunidade**.

- A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha **segunda oportunidade** ao alumnado que, asistindo regularmente e tendo presentado os proxectos en data e forma, non superou por entregas/probas parciais a disciplina no periodo da Avaliación Continua.
- Consiste na **realización dunha proba teórico-práctica e/ou na entrega de traballos/probas prácticas non superados**, sempre que teñan un seguimento por parte do/a docente nas clases durante a súa realización.
- As probas e entregas parciais do periodo da Avaliación Continua son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. **O alumnado poderá presentarse á parte ou partes da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5) na nota final do periodo da Avaliación Continua.**
- Para cualificar a Proba Final empregaranse os mesmos criterios de avaliación e cualificación que no periodo de avaliación continua, recollendo do periodo da Avaliación Continua as cualificacións das Probas e Traballos parciais realizados co seguimento por parte do/a docente, así como as dos apartados de actitude e participación do alumnado.
- A **nota final** sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación, engadíndolle as notas da proba final no lugar das entregas parciais correspondentes. A nota da proba final non poderá superar un 7.
- A **falta de asistencia** o día de realización da proba final, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma. En caso de **chegar máis tarde** da hora sinalada de comezo do exame, o/a estudante deberá ter así mesmo causa debidamente xustificada. De non ser así, poderáselle denegar o acceso á aula. No caso de permitirle o acceso, non disporá de máis tempo para facelo.





### 3.2.2 Convocatoria extraordinaria

O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, realizará unha **proba teórica** na data e hora sinalada polo centro a tal efecto (ver apartado Sistemas Extraordinarios de Avaliación e Cualificación).

### 3.2.3 Anulación da convocatoria

O alumnado que non teña unha asistencia regular ás clases, sempre que teña unha causa xustificada e poida acreditarla documentalmente, poderá solicitar na secretaría do centro mediante o impreso correspondente, a anulación da convocatoria ordinaria e/ou extraordinaria con anterioridade á data marcada para facer dita solicitude no calendario escolar do curso.

## 3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Para a avaliación do alumnado utilizaranse varios **instrumentos**, que lle permitirán ao/á docente realizar o seguimento da adquisición das competencias necesarias para superar a disciplina:

Convocatoria ordinaria		
Instrumentos		Ponderación
<b>Probas teóricas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Memorias das probas prácticas.</li> <li>• Traballos monográficos, investigacións...</li> <li>• Exposicións orais.</li> <li>• Exames tradicionais, orais e escritos.</li> <li>• Probas de ensaio ou composición (desenvolvemento dun tema de xeito extenso).</li> <li>• Preguntas de interpretación e/ou elaboración de imaxes, gráficos, etc.</li> <li>• Probas de ensaio ou composición.</li> </ul>	<b>30%</b>
<b>Probas prácticas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos/proxectos de deseño presentados na aula ou entregados.</li> <li>• Caderno de bosquejos.</li> </ul>	<b>55%</b>
<b>Traballo e seguimento diario</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación sistemática.               <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Observación directa do traballo na aula.</li> <li>◦ Revisión do caderno de bosquejos.</li> <li>◦ Revisión das tarefas diarias.</li> </ul> </li> <li>• Intercambios orais.</li> </ul>	<b>10%</b>
<b>Actitude e participación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación directa do traballo na aula.</li> <li>• Intercambios orais.</li> </ul>	<b>5%</b>



- **O/A profesor(a) levará a cabo o seguimento das probas, o traballo diario na aula e a actitude e participación do/a alumno/a a través dun caderno de aula.**
- Logo da entrega de cada proba (teórica e/ou práctica), no prazo de 15 días, comunicará ao/á alumno/a a súa cualificación, dándolle as explicacións e correccións oportunas do traballo realizado a cada alumno/a.
- Trimestralmente, o/a profesor(a) realizará unha avaliación de carácter informativo xunto co equipo docente do nivel educativo, e transmitirá ao alumnado os resultados acadados até o momento, tanto a través das probas teóricas e prácticas, como do traballo e seguimento diario e a actitude e participación.
- Para superar a disciplina será necesario obter unha media igual ou superior a 5 tanto na parte escrita, como na parte práctica. No caso de que algunha das partes estean suspensas, a cualificación final máxima será, en calquera caso, un 4,5.

### 3.3.1 Probas teóricas e prácticas

Os criterios de **valoración das probas teóricas e prácticas** extraírense comprobando a adquisición de cada unha das competencias recollidas no currículo da disciplina en función dos criterios establecidos na táboa que se recolle a continuación:

Competencia		Criterio de cualificación
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Desenvolvemento dunha actitude receptiva cara os plantexamentos teóricos procedentes de distintos campos do saber nunha contorna multidisciplinar.</li> </ul>
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Utilización de análise e métodos de investigación sobre as prácticas contemporáneas para interpretar de maneira crítica e rigorosa a produción cultural do noso tempo.</li> </ul>
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– O proxecto é coherente coa memoria e amosa sensibilidade estética.</li> <li>– O/A alumno/a amosa sensibilidade por condicionamentos éticos e ambientais.</li> </ul>
T12	Adaptarse en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Xustifica o proxecto coherentemente, e demostra ter a capacidade de facer una boa exposición, transmitindo e comunicando as ideas de maneira argumentada.</li> <li>– Demostra na práctica o seu dominio na metodoloxía proxectual específica mediante a correcta presentación dos diferentes materiais requiridos no mesmo</li> </ul>
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Enriquece os seus proxectos con información complementaria e cita con corrección fontes de consulta fidedignas complementarias ás facilitadas polo profesor.</li> <li>– Demostra ter a capacidade de adaptación, valorando a influencia que ten o deseño na calidade de vida e do ambiente, e demostra ter a sensibilidade nas propostas, tendo en conta a natureza, a sociedade, e o patrimonio cultural.</li> </ul>
X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Demostra ter desenvolvidas as habilidades sociais e comunicativas e a intelixencia emocional, sendo capaz de traballar en equipos multidisciplinares.</li> <li>– Coñecer e integrar na propia actividade de deseño de moda, os condicionantes culturais, relixiosos, económicos, comerciais e políticos que supón a produción e comercialización dun produto de consumo universal.</li> </ul>
X13	Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Relaciona o proxecto de deseño coa historia e a tradición das artes e o deseño.</li> <li>– Cita axeitadamente fontes históricas en relación co proxecto desenvolvido.</li> <li>– Coñecer e integrar na propia actividade de deseño de moda, os condicionantes culturais, relixiosos, económicos, comerciais e políticos que supón a produción e comercialización dun produto de consumo universal.</li> <li>– Actualizar permanentemente a información relativa aos cambios sociolóxicos para incorporar aos deseños de moda as demandas e tendencias estéticas dos/as consumidores/as.</li> </ul>
X14	Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Demostra ter a capacidade de adaptación, tendo en conta a influencia que ten o deseño na calidade de vida e do ambiente, e demostra ter a sensibilidade nas propostas, tendo en conta a natureza, a sociedade e o patrimonio cultural.</li> </ul>



	culturais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Desenvolvemento da empatía, a curiosidade e a iniciativa artística e intelectual, a cooperación, a comunicación e a solidariedade.</li> </ul>
X15	Coñecer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros/as profesionais, segundo as secuencias e graos de compatibilidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Capacidade de interacción co resto do alumnado implicado nas diversas tarefas e afondar na resolución de conflitos e na disposición a adaptación.</li> </ul>
EP4	Fundamentar o proceso creativo en estratexias de investigación, metodolóxicas e estéticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– A memoria recolle a metodoloxía proxectual levada a cabo e as motivacións do proceso creativo.</li> <li>– Desenvolvemento da empatía, a curiosidade e a iniciativa artística e intelectual e a comunicación.</li> </ul>
EP13	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico no que se desenvolve o deseño de moda e indumentaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.</li> <li>– Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.</li> </ul>

### 3.3.2 Traballo e seguimento diario e actitude e participación

Convocatoria ordinaria		
Instrumentos		Criterio de cualificación
Traballo e seguimento diario	Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cumprimento das tarefas encomendadas polo/a profesor(a).</li> </ul>
	Intercambios orais	
Actitude e participación	Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Puntualidade e asistencia habitual a clase.</li> <li>– Seguimento da dinámica de traballo de clase (estar centrado nas actividades de clase, etc.).</li> <li>– Comprobación do/a alumno/a da comprensión teórico-práctica no desenvolvemento das actividades para unha boa execución. <i>Exemplo: Se non entende algo, preguntar logo da explicación de xeito individual e non agardar á véspera da entrega, etc.</i></li> <li>– Utilizar unha linguaxe e terminoloxía axeitada para o ámbito académico e específico da disciplina.</li> <li>– Facer un bo uso do material e recursos de clase.</li> <li>– Limpar e recoller o seu espazo e ferramentas utilizadas ao finalizar.</li> <li>– Traer o material requirido.</li> <li>– Organizar axeitadamente o material, tanto no que atingue ao material físico, como aos arquivos do ordenador.</li> <li>– Amosar sensibilidade e interese pola disciplina.</li> <li>– Adoptar unha actitude perseverante e de flexibilidade na resolución dos problemas de deseño.</li> <li>– Colaborar e implicarse nas actividades propostas.</li> <li>– En xeral, amosar respecto deica os compañeiros/as e/ou o/a docente.</li> </ul>
	Intercambios orais	

Registro no caderno de aula do/a docente		
Traballo e seguimento diario	Actitude e participación	
	Asistencia diaria	Outros
Cumpre	Asiste (Cumpre)	Cumpre
Non cumpre	Non asiste (Non cumpre, se a falta é inxustificada)	Non cumpre
En progreso	Chega tarde (Non cumpre)	

- A final de curso, tanto o **seguimento do traballo**, como a **actitude e participación**, se valorarán do 1 ao 10, respectivamente, en función das anotacións recollidas no caderno de aula do/a docente.
- No que atingue á valoración do traballo e seguimento diario na aula, as anotacións de “non cumpre” restarán 1 unidade proporcionalmente sobre a nota, en función do número de seguimentos realizados durante o curso, mentres que as anotacións de





“en progreso” restarán media unidade.

*Exemplos: Se se fixeron 10 anotacións de seguimento do traballo diario ao longo do curso e 7 foron de “cumpre”; 2 de “non cumprir” e 1 de “en progreso”, a nota do/a alumno/a neste apartado será de 7,5. Pola súa parte, se se fixeron 5 anotacións de seguimento e 3 foron de “cumpre”, 1 de “non cumprir” e 1 de “en proceso”, a nota será de 7.*

- En canto ás anotacións de actitude e participación, as anotacións de “non cumprir” restarán 1 unidade proporcionalmente sobre a nota, en función do número de seguimentos realizados durante o curso.
- Aqueles/as alumnos/as que non tiveron anotacións negativas durante o curso terán a máxima cualificación nestes apartados.
- Adicionalmente a outros aspectos relacionados coa actitude e participación, o/a docente rexistrará diariamente a asistencia do alumnado.

### 3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

#### Convocatoria extraordinaria

- O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba teórica..
- A proba teórico-práctica estará composta por un examen teórico, que terán que realizarse na(s) data(s) e hora(s) sinalada(s) polo centro a tal efecto.
- Para obter a nota final de aprobado o alumnado terá que acadar un 5.
- Chegar máis tarde da hora de inicio da proba, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.
- O alumnado deberá traer as ferramentas e os materiais necesarios para facer as probas, na data e no horario fixado polo centro.
- Os criterios de cualificación da convocatoria extraordinaria para a corrección tanto da parte teórica como da práctica, serán os mesmos que os utilizados para a valoración dos proxectos da convocatoria ordinaria.

Instrumentos		Ponderación
Exame teórico	Versará sobre os apuntes e actividades realizados en clase e a bibliografía/webgrafía recollida na programación.	100%

### 3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

- Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un periodo da súa escolarización ou ao longo de toda ela, de determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conducta.
- O/a docente valorará se existe algún alumno/a nesta situación, e adoptará as medidas oportunas para facilitar, no posible, o correcto seguimento da disciplina.
- Cando se detecte algún alumno/a con posibles necesidades educativas especiais, o/a docente comunicará a situación á/ao titor(a), e analizará a situación e as medidas a adoptar en coordinación co equipo docente.

#### 3.5.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Ó comezo do curso, o/a docente realizará a avaliación inicial do alumnado, a fin de detectar o nivel xeral da clase e as necesidades específicas de cada alumno/a.



- Para a realización da avaliación inicial utilizaranse as seguintes **técnicas**:
  - **Entrevista**  
Dado que o alumnado é maior de idade, a profesora consultará co alumnado se existe algún aspecto relevante que precise ter en conta para impartir a disciplina.
  - **Cuestionario**  
De xeito complementario, realizarase un cuestionario ao alumnado para a realización da avaliación inicial.
- Os datos obtidos da avaliación inicial quedarán recollidos no **caderno de aula** podendo valorar a evolución do/a alumno/a a partir destes datos.

### 3.5.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Durante todo o curso o/a docente analizará os resultados do alumnado e introducirá os axustes necesarios para corrixir as posibles desviacións producidas no proceso educativo, centrándose especialmente nas aprendizaxes máis lentas.
- Para dar resposta a aprendizaxes máis lentas:
  - Nalgunhas ocasións proporcionarase máis prácticas sobre contidos nos que o/a docente detectase que houbo máis dificultade.
  - O/A docente dispón de horas de atención a alumnos/as co alumnado fóra do horario das sesións docentes semanais habituais.
  - Ademais instará a refacer e corrixir aquelas actividades que non acaden o nivel mínimo esixible.
- Tamén se terán en conta aqueles alumnos/as que demanden unha atención específica por ter un ritmo de traballo maior, tratando de orientalos e axudarlles no desenvolvemento das súas habilidades na medida do posible.

## 4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

### 4.1 Metodoloxía

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando desde aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados polo/a profesor(a), poidan construír na medida do posible a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

#### 4.1.1 Actividades introdutorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

#### 4.1.2 Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.



### 4.1.3 Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partir dos contidos teóricos.

### 4.1.4 Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

### 4.1.5 Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

### 4.1.6 Tutorías docentes

- A súa finalidade é resolver dúbidas, titorizar e coordinar as prácticas.
- Realizaranse preferentemente no seminario de atención e/ou na aula habitual do/a profesor(a).
- De xeito excepcional, e por causas xustificadas (enfermidade debidamente xustificada documentalmente, operacións con problemas de mobilidade, pandemia...) poderán realizarse tutorías virtuais, que se solicitarán e acordarán co/a docente con antelación vía correo electrónico ou, no seu canto, a acordada co profesor(a) previamente.

## 4.2 Actividades

### 4.2.1 Actividades de avaliación

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Formativa</b><ul style="list-style-type: none"><li>– Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.</li><li>– Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.</li></ul></li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Sumativa</b><ul style="list-style-type: none"><li>– Comprobar si se adquiriron as competencias previas.</li><li>– Establecer balances dos resultados.</li></ul></li></ul> |
|--|--|

### 4.2.2 Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fóra del:

- Visitas a museos ou institucións relacionadas co Deseño
- Charlas ou conferencias de expertas

### 4.2.3 Actividades interdisciplinares

Actividades realizadas de xeito interdisciplinar con outras asignaturas, colaboracións co resto de ensinanzas e/ou con outras empresas e institucións:

- Contemplantase a posibilidade de participar activamente en proxectos propostos dende outras disciplinas
- Contemplantase a posibilidade de acoller a participación doutras disciplinas en proxectos desenvolvidos dende Cultura do Deseño







## 4.3 Recursos

### 4.3.1 Subministrados polo centro

- Docente:
  - Ordenador con conexión a Internet
  - Proxector
  - Aula virtual
- Alumnado:
  - Ordenador
  - Conexión a Internet no centro
  - Aula virtual

Nota: O alumnado disporá dunha **aula virtual** desde a que poderá descargar a programación, horarios de atención e titorías docentes, así como ter acceso ás tarefas e aos seus requisitos de presentación, información, material e recursos complementarios ós aportados presencialmente. Esta canle poderá servir tamén como método de comunicación docente, tanto para o envío de mensaxes, como daquelas tarefas que así o requiran a criterio do/a profesor(a).

### 4.3.2 Material que debe traer o/a alumno/a diariamente

- Ordenador apto para a instalación de software de deseño (o solicitado no momento da matrícula)
- Material para tomar notas

Agás que o/a profesor(a) diga o contrario, **o alumnado traerá diariamente o seguinte material:**

- Papel e bolígrafo

### 4.3.3 Material que debe ter o/a alumno/a na súa casa para traballar

- Ordenador apto para a instalación de software de deseño (o solicitado no momento da matrícula)
- Conexión a Internet

### 4.3.4 Fontes de consulta

#### ■ Bibliografía:

- BENJAMIN, Walter, *Libro de los pasajes*, Akal, Madrid, 2005.  
BERGER John, *Modos de ver*, Barcelona, Gustavo Gili, 2002.  
BOURDIEU, Pierre, *Cuestiones de sociología*, Istmo, Madrid, 2000.  
CALVERA, A. (Ed.). *De lo bello de las cosas. Materiales para una estética del diseño*. GG. Diseño. Barcelona, 2007.  
CASTRO, I. *Votos de riqueza. La multitud del consumo y el silencio de la existencia*. Mínimo Transito, Madrid, 2007  
CUTOLO, G. *Lujo y diseño. Ética, estética y mercado del gusto*. Santa & Cole, Barcelona, 2005.  
DEBORD, Guy. *La sociedad del espectáculo*. Pre-textos. Valencia, 2002  
FRANCALANCI, Ernesto, *La estética de los objetos*, Antonio Machado, Madrid, 2010.  
GUASH, Ana María.: *El arte último del siglo XX: del posminimalismo a lo multicultural*. Alianza, Madrid, 2000  
GUASH, Ana María.: *El arte en la era de lo global. 1989-2015*. Madrid. 2016



JULIER, Guy, *La cultura del diseño*. GG, Barcelona, 2010

KRAUSS R. *La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos.*, R. Alianza editorial. Madrid 1996.

LOOS, Adolf. *Ornamento y delito*. Gustavo Gili Barcelona, 1972.

MARCHAN FIZ, Simón.: *Del arte objetual al arte de concepto: 1960-1974: epílogo sobre la sensibilidad "postmoderna: antología de escritos y manifiestos*. Akal, Madrid, 2009

PAPANEK, Victor, *Diseñar para el mundo real*. Pollen. Barcelona. 2014

SPARKE, Penny. *Diseño y cultura. Una introducción. Desde 1900 hasta la actualidad*. GG, Barcelona, 2010

SUDJIC, D. *El lenguaje de las cosas*. Turner Publicaciones, Madrid, 2009.

VERDÚ, V. *Tú y yo, objetos de lujo. El personismo: la primera revolución cultural del siglo XXI*. Debate, Barcelona, 2005.

VV.AA., *Historia Universal del arte, Últimas tendencias*, Planeta, Barcelona, 1999.

■ **Fontes electrónicas:**

- Normas APA  
[www.normasapa.com](http://www.normasapa.com) - Última consulta: 09/06/2020
- Título do recurso  
[www...](#) - Última consulta: xx/xx/2020

Respecto á webgrafía, dado que son unhas ensinanzas moi dinámicas en canto á evolución nos campos disciplinares do deseño, a cultura do coñecemento e a innovación, a profesora irá citando fontes actualizadas conforme ao avance do temario da disciplina.